

## TRADUCTORES E CORRECTORES

OPENTRAD:

<http://opentrad.imaxin.com/>

Opentrad é un sistema de tradución automática de código aberto para as linguas do Estado desenvolvido por un consorcio de empresas e universidades.

Actualmente está dispoñible a **tradución bidireccional** entre os pares **español-galego** e **español-catalán** e a **tradución** do par **español-éuscaro**.

Ademais Opentrad está deseñado para ser **adaptado e configurado** segundo as necesidades dos usuarios, permitindo a súa integración con calquera outro sistema.

Na actualidade Opentrad esta a ser utilizado por miles de usuarios para traducir textos, documentos ou webs de forma que lles permite navegar pola internet traducindo as páxinas

O deseño de Opentrad permite a súa **adaptación e personalización** tanto desde o punto de vista **lingüístico**, adoptando o libro de estilo dunha organización, como desde o punto de vista **técnico**, permitindo a súa integración en redes IP ou unha total integración con outros sistemas.

**imaxin**|software, a través do seu departamento de enxeñaría lingüística **imaxin**|context, ofrece diferentes servizos de valor engadido que permiten unha personalización e integración total de Opentrad adaptándose ás necesidades de cadaquén.

### **OPENTRAD-Tradutor de texto plano:**

<http://desarrollo.imaxin.com:7000/>

Nesta aplicación podemos traducir entre os pares **galego-castelán, galego-inglés, castelán-francés, castelán-portugués**. Trátase de ir metendo o texto a traducir no espazo destinado para iso e pedir a tradución que sae noutra ventá a continuación. As palabras que lle presentan dúbidas ou non pode traducir aparecen marcadas cun \* diante.

### **Ortocal. Corrector ortográfico en liña de galego:**

<http://sli.uvigo.es/corrector/>

Servizo web gratuíto de corrección ortográfica do galego ofrecido polo Seminario de Lingüística Informática da Universidade de Vigo. Contempla as normas aprobadas pola Real Academia Galega en 2003. Inclúe máis de 25 millóns de palabras, correspondentes a unhas 60.000 raíces, e inclúe unha longa lista de nomes de lugar e de persoa. OrtoGal é o único corrector de galego que permite corrixir a ortografía dos textos escritos en galego sen necesidade de instalar nada no ordenador, simplemente copiando e pegando o texto no recadro que presenta o corrector. (Collen de cada vez un máximo de 4 páxinas de word).

Ten unha vantaxe sobre o corrector instalado en word para aqueles con menos coñecementos de galego: conta cunha lista de reemprazos baseada nos erros máis frecuentes en galego por castelanismos.